

DERROGACIÓN DO RD 7/2023 EN QUE NOS AFECTA?

O Congreso dos deputados NON validou o RD 7/2023, e o venres día 12 de xaneiro publicouse no BOE a súa derogación ([Ver aquí texto completo](#)) polo que non entran en vigor as reformas contempladas coas seguintes consecuencias:

- Non se eleva a contía do subsidio por desemprego nin se amplía a máis beneficiarios.
- Non se rebaixa a cotización a efectos de xubilación do subsidio de maiores de 52 anos que actualmente está no 125% e íase a reducir ao 100% da base mínima.
- Non existe prevalencia dos convenios autonómicos sobre convenios estatais e sectoriais.
- Respecto a lactación, queda como estaba antes, xa non é un dereito das persoas traballadoras a posibilidade de acumulación en días completos; se se quere acumular deberá recollelo o convenio colectivo ou existir acordo coa empresa.

SNEP de Galicia lamenta profundamente a falta de entendemento entre as distintas forzas políticas para chegar a un acordo que resultase beneficioso para as persoas traballadoras.

Non entramos en quen ten a culpa, o que si temos claro é que as deputadas e deputados son persoas elixidas para facer un traballo que beneficie ás persoas, e ese traballo non o están a cumprir.

POLO EMPREGO:

TRABALLO E DIGNIDADE

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

snepdeg Galicia@gmail.com

604030807